

Máis aló do abandono e infanticidio

A consideración da infancia na Plena e Baixa Idade Media



David Reino Cancela

Facultade de Xeografía e Historia. Grao en Historia

Departamento de Historia. Área de Historia Medieval

Titor: José Miguel Andrade Cernadas

Curso 2023-2024

Índice

Resumo	3
Resumen	3
Abstract	4
Introdución.....	5
1. A infancia e o neno na Historiografía	7
2. A infancia como unha etapa máis da vida.....	10
2.1. A “ <i>infantia</i> ”, un período de dependencia.....	13
2.2. A “ <i>pueritia</i> ” e o paso á vida adulta	15
3. O entorno do neno	17
3.1. O parto, unha pugna entre o temor e a obstetricia	18
3.1.1. A entrada no mundo e na cristiandade.....	20
3.2. A infancia dentro da familia medieval	22
4. Abandono e infanticidio.	25
4.1. Unha mirada ao abandono.....	27
4.1.1. A <i>oblatio</i> como un abandono singular.....	30
4.2. A solución última do infanticidio	32
Conclusións	33
Bibliografía.....	36

Resumo

Dende a publicación da clásica e polémica obra de Philippe Ariès, *L'Enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime* no 1960, os estudos sobre as infancias medievais ampliaron os horizontes e perspectivas con respecto ao papel e consideración que terían os máis pequenos na sociedade deste momento. Botando man destes relatos así como de fontes de época, o presente traballo ten como obxectivo desenvolver a consideración que tería a infancia na Plena e Baixa Idade Media (séculos XI-XV), centrando a atención en tres fenómenos ben documentados como son o infanticidio, o abandono e a *oblatio*. Ademais deste foco, tamén se tratará de construír esta imaxe a través doutras cuestións anexas aos nenos e nenas, como os modelos das “etapas da vida”, a maternidade, os partos ou a familia. Buscarase depurar os distintos relatos propostos pola historiografía para estas infancias, á vez que se valora a dimensión que tiveron na sociedade pleno e baixomedieval os fenómenos mencionados.

Palabras chave: infancia, Idade Media, etapas da vida, abandono, infanticidio.

Resumen

Desde la publicación de la clásica y polémica obra de Philippe Ariès, *L'Enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime* en 1960, los estudios sobre las infancias medievales ampliaron los horizontes y perspectivas con respecto al papel y la consideración que tenían los más pequeños en la sociedad de este momento. Tomando estos relatos así como fuentes de época, el presente trabajo tiene como objetivo desarrollar la consideración que tendría la infancia en la Plena y Baja Edad Media (siglos XI-XV), centrando la atención en tres fenómenos bien documentados como son el infanticidio, el abandono y la *oblatio*. Además de este foco, también se tratará de construir esta imagen a través de otras cuestiones anexas a los niños y niñas, como los modelos de las “etapas de la vida”, la maternidad, los partos o la familia. Se buscará depurar los distintos relatos propuestos por la historiografía para estas infancias, a la vez que se valora la dimensión que tuvieron en la sociedad pleno y bajomedieval los fenómenos mencionados.

Palabras clave: infancia, Edad Media, etapas de la vida, abandono, infanticidio.

Abstract

After the publication of the well-known and polemic book from Philippe Ariès, *L'Enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime* in 1960, the studies featuring medieval childhood opened their views and perspectives in relation with the spot and consideration that the younger ones had in that society. Taking these accounts as well as medieval sources, this project has the ambition to develop the consideration that childhood may have had in Central and Late Middle Ages (XI-XV centuries), focusing on three well-documented phenomena like infanticide, abandonment and *oblatio*. Moreover, it will also try to build up this image through other topics related to children, such as the models of the “stages of life”, motherhood, labour and family. It will try to analyze the different accounts historiography has proposed for these childhoods while also assessing the dimension that the talked-about phenomena had in central and late medieval society.

Key words: childhood, Middle Ages, stages of life, abandonment, infanticide.

Introdución

Os testemuños históricos que permiten falar da infancia na Idade Media son indirectos, pero non necesariamente escasos. O que chega a nós sobre as nenas e nenos deste período non procede das súas propias voces, senón que se debe pasar polo filtro da crítica histórica para ver como puideron ser as súas vidas. Aínda que isto resulte desesperante pola intriga constante dun posible engano, paga a pena mergullarse nestas mencións aos máis pequenos da sociedade para ver como foi a percepción que esta tivo deles. Así, este traballo concíbese co obxectivo de construír cal poido ser a consideración da infancia, por parte da sociedade e das súas familias, durante os séculos centrais e finais da Idade Media.

Dun xeito lateral, irán emerxendo outras preguntas a medida que se van sucedendo os temas a tratar; dende si se pode falar ou non da existencia dun sentimento cara a infancia na Idade Media como propuxo Philippe Ariès; que aportan diferentes fenómenos documentados, tanto aparentemente positivos como negativos, sobre esta imaxe que se trata de proxectar; que dimensión teñen algunhas prácticas con respecto ao imaxinario e a mentalidade medieval; que condicionantes de xénero se poden atopar con respecto á crianza de nenos e nenas; se a consideración da infancia se mantivo estática ao longo do período traballado; ou que cambios se produciron con respecto ao neno e que afectaron na súa imaxe.

Tanto cronolóxica como xeograficamente, a demarcación escollida para construír a consideración da infancia medieval é ampla. Con respecto á temporalidade, o traballo centrarase na Plena e Baixa Idade Media (aproximadamente dende o século XI ao XV). Porén, non se omitirán referencias anteriores especialmente con respecto a fenómenos como a *oblatio* que se inicia claramente nas centurias previas, ou a referencia a autores como Isidoro de Sevilla, que marcan dalgún xeito trazos que estarán presentes no imaxinario de todo o período medieval. En canto ao espazo, o traballo fundaméntase na cristiandade occidental europea; poderíase ter realizado algunha referencia a alteridades como a xudía ou a musulmá que aportase riqueza sobre a imaxe da infancia, pero superaría os obxectivos e o enfoque do traballo.

Con respecto ás fontes das que se extraeu a información, destacan as publicacións de traballos históricos sobre a cuestión da infancia, tanto monográficos como outros conectados con aspectos anexos da sociedade e cultura (por exemplo a familia ou a maternidade). Destaco en primeiro lugar o libro de Philippe Ariès: *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen* que, a pesar de ter a historiografía superado as súas teses fundamentais, compón un gran estudo sobre a infancia, a educación e a familia no período medieval. Por outra parte, a recente obra de María Jesús Fuente: *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media* (2023), tamén foi de utilidade para construír a imaxe do neno, especialmente dende a perspectiva materna que recibe un tratamento moi interesante e cunha riqueza de fontes salientable. Con respecto ao abandono e infanticidio, destaco o texto de John Boswell: *La misericordia ajena*, cunha perspectiva rompedora para cuestións como o abandono e a oblación que levan a reflexionar sobre a propia consideración que puideron ter nunha sociedade tan distinta como a medieval. Outros autores que se irán citando son María del Carmen García Herrero, David Herlily, Danièle Alexandre Bidon, Monique Closson ou Robert Fossier entre outros.

En canto aos textos de cronoloxía medieval que se cotexaron para exemplificar certas cuestións ou entender mellor a temática, proceden en gran medida das obras históricas mencionadas. Porén, si que se inclúen referencias de das *Etimoloxías* de Isidoro de Sevilla ou das *Sete Partidas* de Alfonso X, para os cales si se recorreu a edicións contemporáneas transcritas dos propios textos. Empregaranse estas fontes e moitas outras como obxecto de análise e exemplificación, para completar o discurso construído sobre a concepción da infancia.

No referente á metodoloxía, propúxose inicialmente o traballo con fenómenos negativos relacionados coa infancia medieval como son o abandono e o infanticidio, para despois precisar que era necesario facer referencia a outras cuestións que complementarían esta idea central. A continuación procedeuse á localización, lectura e recompilación de información sobre o tema, tanto da infancia medieval en xeral como dos fenómenos que se decidiron tratar en particular. Finalmente e coa bibliografía que se empregaría para o traballo xa cotexada, fóronse redactando os diferentes puntos definidos nun esquema,

intentando ao mesmo tempo non perder de vista a liña argumental da concepción da infancia como matriz central que une todos os apartados.

Esta estrutura en apartados do traballo revisa en primeiro lugar a construción historiográfica dos relatos con respecto á infancia medieval, tanto dende os seus inicios coa figura predominante de Philippe Ariès, como a súa continuidade na actualidade. Posteriormente xa se tratan temas estritamente históricos como son os modelos das etapas da vida e o entorno do neno, sempre mantendo a idea de construír a consideración da infancia a partir destas cuestións. Finalmente desenvólvense os diferentes fenómenos que dan nome ao traballo para pasar a unha conclusión na que se recapitule a información tratada e se trate de configurar esa imaxe que puido existir sobre a infancia nos séculos e xeografía traballados.

1. A infancia e o neno na Historiografía

Os estudos sobre a infancia na Idade Media estaban practicamente inéditos ata a obra de Philippe Ariès, *L'Enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime*. Este libro publicado no 1960 sentou as bases sobre as que se construírían os traballos sobre familia e infancia durante boa parte da segunda metade do século XX, pero tamén se converteu en foco de oposición ás teses que Ariès presentaba sobre a ausencia dunha consideración da infancia no período, conxugadas cun tratamento dos nenos como “pequenos adultos”. Deste xeito, segundo o autor, non existiría unha concepción unitaria da infancia como etapa exenta da vida¹; os argumentos baseábanse en fontes iconográficas (que representaban aos infantes como pequenos adultos) ou nas propias vicisitudes do modelo demográfico que, cunha elevada taxa de mortalidade infantil, deshumanizaría ás crianzas e aos proxenitores non lles molestaría en exceso perder algún dos seus numerosos descendentes².

¹ Wilkinson, Louise J., “Introduction”, en Wilkinson, Louise J. (ed.), *A cultural history of childhood and family in the Middle Ages*, Bloomsbury Academic, Londres, 2010, pp. 1-2. Na introdución a esta obra faise un repaso historiográfico valorando a figura de Philippe Ariès como pioneiro nos estudos sobre familia e infancia medievais.

² A tese de Ariès con respecto a isto é que “*se engendraban muchos niños para conservar sólo algunos. (...) La gente no podía apegarse demasiado a lo que consideraba como un eventual desecho*”. Ariès, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, Taurus, Madrid, 1987, pp. 64-65.

Obsérvase na obra clásica de Ariès, un estudo de *l'enfante* e a familia na longa duración, tratando de dilucidar procesos de cambio na consideración que os nenos tiñan dentro da familia e da sociedade; chegando mesmo ata o século XVIII para presenciar estas mudanzas. O interese pola longa temporalidade mestrouse co estudo das mentalidades dentro do contexto da terceira xeración da Escola dos Annales, dando como resultado o retraso que considera Ariès para o desenvolvemento dunha idea de infancia, que el vería asociado tamén á aparición dunha vida familiar de carácter máis privado non presente aínda durante a Idade Media³. Esta propia tese represéntase no título e contido da obra; non se fala tanto de “infancia” senón do “neno”.

Deste xeito, entra en xogo un matiz conceptual que se observa nas obras de distintos autores que desenvolveron esta temática, tanto en consonancia coa tese de Ariès como os relatos rompedores con esta. A partir desta obra xurdiu un debate que estimulou en gran medida a produción historiográfica neste campo, centrada en atopar fontes para refutar os argumentos de Ariès sobre a inexistencia dunha concepción de infancia e sentando as bases, tanto temáticas como metodolóxicas, para futuros traballos neste eido. Emerxeron entón numerosos autores con obras substantivas para o estudo das infancias medievais, neste caso como unha etapa exenta da vida, que ademais de construír unha nova concepción para a mesma, tomaban como antónima a imaxe que creara Ariès.

Así, durante o último terzo do século XX distintos historiadores foron conformando o campo de estudo da infancia con traballos xerais, pero tamén coa aparición de monografías sobre temas concretos que atanguían á infancia⁴. Aínda que a meirande parte deles romperon claramente coa polémica tese de Ariès, destaca unha autora pola súa confrontación directa cos argumentos presentados en *L'Enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime*, esta foi Shulamith Shahar coa súa obra *Childhood in the*

³ Neste sentido, hai que ter en conta o interese de Philippe Ariès polo estudo da vida privada, dirixindo xunto a Georges Duby a tamén clásica obra *Histoire de la vie privée*. *Ibid.*, pp. 25-28.

⁴ Algunhas das obras e autores a destacar (moitas das cales serán referenciadas ao longo deste escrito) son: *L'Enfant à l'ombre des cathédrales*, de Danièle Alexandre Bidon e Monique Closson (1985); *Medieval households* de David Herlihy, onde se denota a vinculación do estudo da infancia cos da familia; moitos traballos de Didier Lett pero destacable a súa obra *L'Enfant des miracles. Enfance et société au Moyen Âge* (1997); *Medieval Children* (2003) de Nicholas Orme, onde se recolle información de traballos do autor das tres décadas anteriores; ou *Childhood in the Middle Ages and the Renaissance: The Results of a Paradigm Shift in the History of Mentality* (2005), que inclúe un repaso historiográfico deste campo por parte do seu editor, Albrecht Classen, dende a obra de Philippe Ariès.

Middle Ages (1990). Nela, deféndese claramente a existencia dunha idea da infancia como etapa da vida exenta durante a Plena e Baixa Idade Media⁵ a través do traballo con fontes de distinta índole e máis variadas que as contempladas por Ariès; crónicas, escritos de teólogos cristiás, rexistros gremiais, etc.⁶

Claramente, a historia da infancia na Idade Media, como moitas outras temáticas, impúlsase a través da historia das mentalidades, nesa transición dende a historia social e económica cara a primacía dos fenómenos culturais e a súa explicación. Obsérvanse polo tanto moitas consideracións, incluso de tipo psicolóxico, sobre o papel e percepción da infancia na cultura medieval, chegando no caso de Shahar, mesmo a empregar argumentos de índole biolóxica para defender o interese e coidado dos nenos e nenas durante o período por parte dos seus proxenitores (en disonancia coa tese fundamental que estableceu Philippe Ariès); *parte do proceso de desenvolvemento está determinado bioloxicamente (...) ata unha etapa da vida concreta, o neno precisa de nutrición e protección para sobrevivir.*⁷

A deriva historiográfica posterior da historia da infancia na Idade Media acabou por vinculala, seguramente por confluencia temática e metodolóxica, a tendencias relacionadas coa historia de xénero, da educación e da familia (aínda que neste caso xa tiveran unha adscrición dende o seu comezo). Dende o cambio de século e ata a actualidade, foise incrementando o interese por este campo así como a diversidade xeográfica de autores; dende as historiografías consideradas tradicionalmente como “centrais” (Francia e o mundo anglosaxón fundamentalmente) ata aquelas renegadas, principalmente pola súa menor repercusión, a ocupar postos “periféricos” (considerando a española dentro destas).

Pódese dicir entón que na actualidade existen estudos de infancia cada vez máis ricos e variados e este campo goza de especial saúde dentro do medievalismo en xeral e do español en particular. Emerxen así novos traballos non só centrados nun marco xeográfico-cronolóxico amplo (como poden ser o occidente medieval e a longa

⁵ Shahar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, Routledge, Londres, 1990, pp. 1-7.

⁶ Wilkinson, Louise J., “Introduction”, p. 3.

⁷ Shahar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 1.

temporalidade), senón tamén encadrados en espazos e períodos máis concretos (aínda que sempre predominando os referidos á Plena e Baixa Idade Media pola posibilidade das fontes).

No caso da historiografía peninsular, dispoñemos ademais de dúas autoras que exemplifican claramente esta vinculación da historia da infancia á historiografía feminista e de xénero anteriormente mencionada. Estas son María del Carmen García Herrero con obras como *Del nacer y el vivir. Fragmentos para una historia de la vida en la baja Edad Media* (2005) ou *Los jóvenes en la Edad Media* (2015); e María Jesús Fuente co seu recente título, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media* (2023) onde se desenvolve, fundamentalmente dende a perspectiva maternal da nai, o nacemento e crianza dos fillos e fillas na Idade Media.

2. A infancia como unha etapa máis da vida

Para entender moitas das cuestións da cultura medieval, cómpre remitirse ás *Etimoloxías* de Isidoro de Sevilla, neste caso concreto, resulta útil saber cal sería a consideración deste autor, a cal pode reflectir por adscrición cultural a concepción medieval das etapas da vida. Fálanos de que *Gradus aetatis sex sunt: infantia, pueritia, adolescentia, juvenus, gravitas atque senectus*⁸. Así, para Isidoro a vida constaría destas seis etapas, pero non resulta tan interesante a propia división en si mesma senón os condicionantes que caracterizan cada un dos períodos que inclúe Isidoro nesta etimoloxía.

Pódense observar, nas explicacións que da Isidoro para cada etapa da vida, diferentes condicionantes tanto de carácter biolóxico como de tipo máis cultural. Para o caso da “*infantia*”, esta etapa desenvolveríase dende o nacemento ata os sete anos. As características da mesma serían que non se dispón da capacidade de falar, non aparecen desenvoltos os dentes nin a posibilidade de articular linguaxe⁹. Obsérvase pois un condicionante de tipo fundamentalmente biolóxico para a caracterización desta etapa, non habendo sinal dunha descrición de carácter máis cultural. O *infans* percíbese, para Isidoro

⁸ Isidoro de Sevilla, *Etimoloxías*, Oroz Reta, José e Marcos Casquero, Manuel Antonio (edición bilingüe), Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 2004, p. 870.

⁹ Estas dúas condicións estarían relacionadas. *Ibid.*, p. 873.

polo menos, a través da súa incapacidade de fala; resulta isto interesante porque é o capacitismo biolóxico o que predomina sobre unha posible percepción cultural da etapa.

A continuación viría a “*pueritia*”, dende os sete anos ata os catorce aproximadamente (Isidoro considera a variabilidade na idade de chegada á puberdade¹⁰), unha vez máis destaca o factor da caracterización biolóxica pero xa se acompaña tamén doutros trazos culturais máis complexos. Un “*puer*” non dispoñería de velo facial e conservaría as meixelas tersas, porén e máis aló destes rasgos biolóxicos, destaca especialmente a consideración de fe que fai o autor; durante esta etapa considérase que os nenos son submisos no plano relixioso, o seu pensamento aínda non estaría corrompido polas vivencias e aprendizaxes posteriores.

Aínda que con menor relevancia con respecto ao que se vai tratar, a seguinte etapa sería a “*adolescencia*”, onde xa se dispón da capacidade para enxendrar descendencia e o corpo atópase medrando e desenvolvendo as súas características adultas. Segundo Isidoro vai dende os catorce ata os vinte e oito anos, sendo un momento considerado na Idade Media como de total madurez biolóxica e seguramente tamén social, o que contrasta coa visión sobre a vida e os ritmos da contemporaneidade. Porén, cómpre entender este fenómeno como o que é; unha percepción diversa sobre a periodización do transcurso da vida por parte de sociedades ben distintas e non caer en valoracións dende o presente¹¹.

Esta consideración isidoriana é unha das tantas que se desenvolveron ao longo da Idade Media e que trataron as “etapas da vida” como un área de coñecemento pseudocientífico con diferentes tratados. Este coñecemento, por pura repetición, acabou por superar o ámbito da ciencia para introducirse na experiencia común e seguramente na mentalidade medieval¹². Noutras palabras, este tipo de explicacións sobre as etapas da vida en xeral e as do neno en particular, terían un impacto na percepción da sociedade

¹⁰ Considérase a saía da velo público como momento deste paso a unha nova etapa que bioloxicamente supón o desenvolvemento da capacidade de enxendrar descendencia *Ibid.*, p. 873-875.

¹¹ Para a sociedade actual, una persoa de catorce anos de idade non entrou aínda na vida adulta, mentres que na Idade Media víase normal que comezara a desenvolver a partir desde momento as actividades propias dos adultos. Andrade Cernadas, José Miguel, “Las edades del hombre en los monasterios benedictinos y cistercienses: de la infancia a la vejez”, en García de Cortázar, José Ángel e Teja, Ramón (coords.), *El ritmo cotidiano de la vida en el monasterio medieval*, Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico, Aguilar del Campoo, 2015, pp. 113-114.

¹² Ariès, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, p. 38.

sobre as mesmas; tendo que entendelas como caracterizacións estendidas entre a poboación e non como simples descricións científicas dun fenómeno.

Ademais da xa mencionada división en seis etapas de Isidoro de Sevilla, as outras periodizacións do ciclo da vida máis comúns serían a división en sete ou en catro períodos. A cuestión dos sete sería un herdanza directa da antigüidade clásica e relacionaríase coa idea de que os corpos celestes exercían un efecto na vida dos seres humanos. Porén, aínda que a base ideolóxica detrás disto escapa da finalidade directa deste traballo, si que resulta de interese ver como, a división nestas sete etapas (cada unha delas influenciada polo efecto dun corpo planetario e cunha duración distinta)¹³, daría como resultado unha separación en idades similar á que presenta Isidoro de Sevilla nas súas *Etymologiae*. Para o que máis incumbe á infancia e a pesar das leves diferenzas de duración entre autores que escribiron sobre este modelo das sete etapas da vida, os catorce anos seguen a marcar ese momento de transición cara a idade de procreación, podendo considerar isto como momento de abandono da infancia e comezo da vida adulta (aínda que esta se divida á súa vez en subetapas).

Por outro lado, a separación en catro etapas tamén é común especialmente a partir do século XIII, cando o coñecemento sobre os modelos de división das etapas da vida pasou a dominio público e non se mantivo unicamente relegado ao repertorio de teólogos, filósofos e demais grupos cultos. Este proceso viuse facilitado por fenómenos como a tradución a linguas vernáculas destes tratados, a predicación destas informacións ou o interese dos novos sectores cultos laicos¹⁴. Outra vez máis, a propia cosmovisión e significado detrás destas etapas da vida non interesa tanto para o que compete a este traballo, pero si que é destacable a relación entre estes modelos e os tratados médicos (incidindo estes últimos nos coidados necesarios para cada unha delas) ou a conservación duns rangos de idade similares aos dos modelos anteriores para a infancia¹⁵.

¹³ Sears, Elizabeth, *The ages of man: medieval interpretations of the life cycle*, Princeton University Press, Princeton, 1986, pp. 47-53.

¹⁴ *Ibid.*, pp. 97-99.

¹⁵ Os catorce anos seguen a ser ese momento de cambio sinalado a raíz da puberdade para a transición cara a vida adulta. *Ibid.*, pp. 100-101.

Esta última idea rompe en gran medida co argumento empregado por Ariès para defender a suposta falta de interese pola crianza e coidado dos infantes; ademais estas fontes complementaríanse con outras que relatan as principais doenzas que padecen os nenos e nenas, así como libros de coidados específicos para estes rangos de idade, remitindo á consideración que podería existir sobre a imaxe da infancia na Idade Media. Dun mesmo xeito, a propia sinalización en todos os modelos propostos por ideólogos medievais duns rangos de idade similares para esas etapas da vida nas que o ser humano é dependente (incluso sinalando os coidados que debe recibir nestes momentos de dependencia), exemplifica claramente a existencia dunha idea de infancia relativamente consensuada na súa caracterización. Dando conta de que estaba presente no imaxinario e na mentalidade medievais.

2.1. A “*infantia*”, un período de dependencia

Presentada xa esta idea de que o coñecemento sobre as “etapas da vida” formaba parte do imaxinario medieval e dese saber pseudocientífico, incluso dogmático, sobre o ser humano (fundamentalmente o sexo masculino), cómpre agora analizar o impacto que terían estes modelos na percepción da infancia. Como xa se adiantou no caso isidoriano (e sucede dun xeito similar no resto), os condicionantes biolóxicos e o desenvolvemento das distintas capacidades marcan os cambios de etapa e como se perciben os individuos que se atopan en cada unha delas.

Para a “*infantia*” (tómese como exemplo a definición de Isidoro dende o nacemento ata os sete anos), moitos autores falarían de distintas subetapas marcadas polo desenvolvemento das habilidades e a diminución do grao de dependencia do individuo. Estes eventos que marcan o cambio non varían en exceso dos considerados na actualidade para o crecemento dun neno e nena; o primeiro estadio iría ata os dous anos e estaría marcado polo proceso de dentición, as primeiras palabras e os primeiros pasos. O seguinte momento da vida da crianza transcorría ata os cinco anos, onde as habilidades comunicativas melloraban en gran medida e xa podían falar correctamente¹⁶. Ademais, a partir deste momento entra en xogo un factor importante, e é que a partir desta subetapa,

¹⁶ Shahaar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 23.

considerábase que se reducía significativamente o risco dunha morte prematura para o “*infans*”, provocada na meirande parte dos casos por enfermidades contaxiosas¹⁷.

Esta aproximación a través das capacidades físicas dos “*infans*” tamén está presente noutras formas de carácter máis popular de entender o ciclo da vida medieval, as cales poden axudar en maior medida a construír a idea que tiña a sociedade sobre a infancia. Nun poema francés do século XIV compáranse as etapas da vida coas estacións do ano e adscríbese a infancia ao mes de xaneiro porque: “*Car en ce moys vertu ne force habonde / Ne plus que quant six ans ha ung enfant*”¹⁸. Esta falta de virtude e forza que sinala o poema durante os primeiros seis anos de vida, correspóndese coa idea de vulnerabilidade e dependencia que se desenvolve nos demais tratados; exemplificando como, dende as *Etymologiae* de Isidoro de Sevilla (S. VII) ata este exemplo lírico do século XIV, existiu certa uniformidade na caracterización a grandes trazos da infancia, manténdose a idea de que durante estes momentos os nenos e nenas eran dependentes por completo da atención dos adultos.

Porén, esta idea de dependencia non ten por que ir acompañada dunha consideración negativa da infancia como viu Ariès na súa obra; na que os proxenitores consideraran ás súas crianzas como cargas e non se apegaban a elas polas condicións demográficas do momento. Senón que a través deste tipo de fontes nas que se desenvolveron imaxes sobre as etapas da vida, obsérvase este interese e recoñecemento da necesidade de coidado. Noutro poema francés, neste caso do século XIII, exemplifícase claramente esta cuestión: “*Ainsi l’enfant, quant a vescu / Six ans ne peut quére valoir / Car il n’a guère de sçavoir. / Mais l’on doit mettre bonne cure / Qu’il prenne nourriture / Car qui n’a bon commencement / A tard a bon deffinement*”¹⁹. Enténdese esta falta de valor que se define na fonte en referencia á forza de traballo ou capacidade para cumprir unha labor na sociedade. Non obstante, considérase crucial o coidado e atención correcta nesta etapa, para que o avance dos nenos e nenas cara a vida adulta sexa satisfactorio e non se retrase o desenvolvemento.

¹⁷ Fossier, Robert, *Gente de la Edad Media*, Debolsillo, Barcelona, 2023, pp. 59-60. Coméntase que algunha das doenzas máis comúns nesta primeira infancia eran a varíola, o xarampón, a tose ferina, etc.

¹⁸ Ariès, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, p. 42.

¹⁹ *Ibid.*, p. 43.

2.2. A “*pueritia*” e o paso á vida adulta

Nesta etapa, xa existían cambios substanciais na consideración que se tiña dos nenos e nenas, así como das capacidades das que dispoñían para distintas actividades da vida (aínda que moi lonxe de dotalos da condición de adultos). A pesar de que seguen aparecendo algúns condicionantes biolóxicos para definir as características deste período da infancia (como poden ser a aparición dos dentes permanentes e a súa suposta conexión coa capacidade de falar)²⁰, predomina o factor moral e outras condicións de tipo intelectual ou incluso relixioso. Por outra banda, considérase que o peche da etapa vén dado pola pubertade, tendo en conta unha diferenza de idade entre o sexo feminino e o masculino; para as nenas establécense os doce anos e para os nenos os catorce. Ademais, nas propias *Etymologiae* de Isidoro sinálase a diversidade entre individuos, aclarando que non se tratan de idades inequívocas²¹.

Considerábase por exemplo a capacidade para distinguir entre “o ben e o mal” ou a xa mencionada habilidade para expresarse dun xeito autónomo. Este desenvolvemento intelectual era considerado por moitos autores medievais como momento idóneo para comezar a etapa formativa profesional ou intelectual²². Outra vez máis, Ariès viu nisto outro argumento para defender a falta de apego polos fillos na Idade Media; propón un modelo no que a partir dos sete anos as crianzas abandonarían a unidade familiar para formarse en casas externas a través do servizo doméstico. Porén, penso que as explicacións que el mesmo da, non son de todo esclarecedoras, xa que se omite unha análise en profundidade dos exemplos comentados²³. Xeneralízanse estas prácticas e só

²⁰ Neste sentido, unha persoa que xa se atopase na “*pueritia*” en canto a rango de idade pero que mantivese comportamentos moi infantís ou unha adulta que non tivese a capacidade de expresarse correctamente por calquera limitación comunicativa, era denominada “*infans*” (denotando a importancia da cuestión comunicativa á hora de caracterizar as diferentes etapas da infancia). Shahaar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 24.

²¹ “*Quidam autem ex annis pubertatem existimant, id est eum puberem esse qui quattuordecim annos expleverit, quamvis tardissime pubescat: certissimum autem puberem esse qui et ex habitu corporis pubertatem ostendit et generare iam possit*” Isidoro de Sevilla, *Etimologías*, pp. 872-874.

²² Shahaar Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 24.

²³ Ariès cita, entre outros, un exemplo dun testamento do século XII no que un pai confía dous dos seus fillos menores ao seu primoxénito; isto podería ser un simple caso de herdanza agnaticia na que o patrimonio recaese só no maior dos seus fillos e polo tanto tivese que facer este vínculo para asegurar o mantemento dos seus fillos menores. Ariès, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, pp. 483-484.

se sinalan como resultado dunha falta de apego (non se fala, por exemplo, de ningún tipo de condicionante socioeconómico que leve a esta encomendación a unha casa allea).

Deste xeito, a partir dos sete anos o “*infans*” perdería a súa condición de “distinto” pola mestura con persoas adultas (segundo Ariès externas á súa familia biolóxica), que comezaban a instruílo e preparalo para a vida²⁴. Non obstante, esta idea pode relacionarse máis coas propias condicións do sistema económico, nas que era necesario esta formación externa para os oficios ou tratar de buscarlle saída ás crianzas no caso de que non foran necesarias para a produción familiar. Neste senso, o cambio significativo observaríao Ariès no século XV, coa irrupción da escola como novo xeito de formación para as crianzas e a súa separación do mundo adulto durante o período formativo²⁵.

Fronte a esta consideración de que serían tratados case como adultos a partir do desenvolvemento de raciocinio tras a primeira infancia, aparecen outras imaxes con respecto á “*pueritia*” que permiten falar dunha condición ben distinta dos nenos e nenas que se atoparían nesta etapa. Con respecto ás responsabilidades legais, os individuos neste rango de idade recibirían penas máis laxas en comparación cos maiores de catorce; o propio Santo Tomé de Aquino escribe que debido a que un neno e un adulto non son capaces de facer as mesmas cousas, as leis non son iguais para eles²⁶.

Tamén é destacable que a consideración desta etapa da vida, vista como un momento de desenvolvemento do raciocinio, experimentou algúns cambios ao longo da Idade Media que poderían levar a pesar nunha imaxe cambiante para as características dos nenos e nenas que se atoparan nela. Deste xeito, para o caso dos matrimonios acordados, veríase un gran cambio a mediados do século XII, propiciando que xa non se consideraran vinculantes aqueles establecidos antes dos 12 anos no caso das nenas ou dos 14 no caso dos nenos; podendo así ser anulados pola parella cando chegasen a esta

²⁴ *Ibid.*, pp. 482-489.

²⁵ Deféndese que a partir deste momento pasa a haber un maior interese da familia por manter ao neno cerca durante o seu período formativo (a pesar de que non pase a realizarse na casa propia, senón na escola). Para Ariès un dos motivos da conformación do que el chama “familia moderna”, na que si que está presente este apego pola infancia, é este cambio no sistema educativo e a apertura das escolas, ata o momento reservada para os clérigos, pero que se converteron agora nun “*instrumento normal de iniciación social, de paso do estado infantil ao estado adulto*”. *Ibid.*, p. 489.

²⁶ Shahaar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 25.

idade²⁷. Para que esta cuestión non quede como anecdótica, pódese facer referencia a un caso similar relacionado coa oblación (fenómeno que será tratado máis polo miúdo posteriormente), por mor da similitude cronolóxica e tipolóxica dos cambios que teñen lugar. Na transición do século XII ao XIII, aparecen unha serie de textos lexislativos por ordenanza pontificia que acaban por facer que os *oblati* teñan que confirmar os seus votos nun mosteiro unha vez acadada a idade de razón (15 anos) e non se permita profesar antes dos 12 para as nenas ou dos 14 para os nenos²⁸. Estes cambios da irrevogabilidade da oblación xa se iniciaran con anterioridade, pero agora dótanse dun marco legal apoiado pola institución máxima da Igrexa.

Obsérvanse pois, unha serie de características que permiten falar da “*pueritia*” (entre os 7 anos e a puberdade), como un momento no que se considera o desenvolvemento das capacidades intelectuais e morais da crianza, pero no que aínda non dispón da capacidade total para establecer decisións de gran peso, sendo protexida a través da lexislación en distintos aspectos da súa futura vida como adulto. Ademais, obsérvanse cambios na imaxe desta etapa a partir do século XII cos dous exemplos propostos do matrimonio arranzado e da *oblatio*; dando conta dun posible cambio no imaxinario neste momento e de que, as decisións tomadas polos adultos en relación aos nenos durante a súa etapa de crecemento, non debían ser vinculantes.

3. O entorno do neno

Unha vez que se desenvolveron as imaxes das “etapas da vida” e a significación que tiveron con respecto ás infancias medievais, cómpre tratar unha serie de cuestións estreitamente relacionadas cos nenos e nenas, as cales axudan tamén a configurar a súa percepción na mentalidade e no imaxinario medieval. Todo o que se sitúa arredor das crianzas pode dar pistas sobre a valoración que tiveron durante esta etapa; dende a estrutura familiar e o seu papel na casa, ata as propias condicións do seu nacemento e os primeiros coidados maternos.

²⁷ *Ibid.*, p. 24.

²⁸ O primeiro dos cambios relatados correspóndese co papado de Inocencio III (1198-1216), mentres que á prohibición de profesar antes do final da “*pueritia*” aparece nas *Decretales* de Gregorio IX (1230). Boswell, John, *La misericordia ajena*, Muchnik, Barcelona, 1999, pp. 409-411.

3.1. O parto, unha pugna entre o temor e a obstetricia

Os partos eran, do máis seguro, un evento de inqueda para as mulleres embarazadas da Idade Media. A pesar de que sabían perfectamente que a súa chegada era inminente (e en moitos casos tamén pode que desexada), a frecuencia das mortes, tanto da parturiente como do neno (coa observación ademais de casos próximos), podían levar a alimentar este temor ante, o que en moitas ocasións, era unha sentenza mortal para a nai, o feto, ou ambos. Este temor e incerteza era contrarrestado pola acción e os coñecementos en obstetricia das comadras (no caso das mulleres de nivel social elevado), ou das veciñas e familiares que acudían a aqueles partos de condición máis humilde. Deste xeito, os espazos de parto e os coñecementos sobre o mesmo foron de monopolio feminino ata o século XVI²⁹.

Así, escribíronse tratados de medicina onde se incluían estes coñecementos sobre os partos, aqueles que eran escritos por homes construíanse a partir de experiencias de parteiras xa que, como se adiantou, a presenza do xénero masculino era infrecuente, se non vetada, dos partos. Como relata un texto destas características de Inglaterra a comezos do século XIV; *“Este libro se ha escrito para que una mujer pueda ayudar a otra en su enfermedad de manera que no tenga que desvelar sus secretos a “uncurteys” men”*³⁰. Preséntanse os partos como un tabú, onde só as mulleres debían coñecer as súas precisións para axudar nun momento de necesidade. Porén, a pesar destes tratados, non se debe pensar nun coñecemento en obstetricia de tipo teórico, senón que se adquiría normalmente pola práctica (como case todos os oficios), dispoñendo as parteiras cada vez dunha participación máis relevante en sucesivos partos ata converterse en expertas³¹.

No referente ás técnicas do parto, había certa variedade aínda que polo xeral primaban posicións verticais ou semisentadas (sobre todo nos partos de mulleres de condición socioeconómica máis elevada) que facilitasen o descenso do feto³². Véxase por

²⁹ García Herrero, María del Carmen, *Del nacer y el vivir. Fragmentos para una historia de la vida en la baja Edad Media*, Institución Fernando el Católico, Zaragoza, 2005, p. 25.

³⁰ Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, Taurus, Barcelona, 2023, p. 180.

³¹ García Herrero, María del Carmen, *Del nacer y el vivir. Fragmentos para una historia de la vida en la baja Edad Media*, p. 29.

³² Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, Pressas Universitarias de Zaragoza, Zaragoza, 2008, p. 81.

exemplo a descrición que se fai do parto de Isabel de la Cavallería (1490), un caso moi sorprendente porque un notario que está presente no evento levanta acta para que non se poida levar a cabo ningún engano con respecto ao nacemento do seu fillo:

*y la dita Ysabel de la Cavalleria aquexandose de los dolores de su parto, stando echada de spaldas en los braços y piernas del dito senyor Martin de Palomar y de Gurrea, senyor de Argavieso, el qual stava forco y en cenyo, asentado en una cadeira teniendo la dita Ysabel con algunas reliquias que encima del vientre tenia e muchas candelas vendezidas que alli stavan ardiendo, y las madrinas que alli fueron stantes, la Ayna de rodillas davant la dita Ysabel de la Cavalleria y la dita Catalina Salinas (a parteira) stando entre las piernas de la dita Ysabel de la Cavalleria, asentada en un scadero, teniendo la dita Catalina una terna stendida encima de sus rodillas para el administrar del parto y recibir la criatura que nasciera, y puesto un bacin de allaton limpio segunt ocularmente viemos, entre las piernas de la dita Ysabel de la Cavalleria, en donde yo, notario, y testimonios sintiamos y veíamos cayer la sangre y el agua que a la dita Ysabel de la Cavalleria, con los dolores del parto y esprimiendose del cuerpo, le salían.*³³

Obsérvase nesta fonte esa predilección das posicións erguidas, neste caso suxeitada a parturiente por un home. A parteira sitúase diante para poder realizar as accións necesarias para dirixir o parto, neste caso parece unha imaxe menos íntima e non exclusivamente feminina (como se explicou que predominaba durante a Idade Media). A propia condición aristocrática e a cronoloxía tardía (practicamente no século XVI) poden dar resposta a esta presenza masculina durante o parto de Isabel de la Cavallería. Máis aló das precisións que se poidan extraer, resulta unha fonte descritiva moi útil que recolle parte das características que se foron enumerando para os partos.

A labor da comadroa non remataba necesariamente co nacemento da criatura e o corte do cordón umbilical, senón que tiña que levar a cabo outras accións como a de asegurarse de que a parturiente expulsara toda a placenta³⁴. Ademais, a partir do momento no que remataba o parto, iniciábase para a nai un proceso de purificación simbólica do

³³ Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, pp. 162-163.

³⁴ Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, p. 87.

pecado orixinal (así como a purificación física do espazo do parto). Teoricamente tralo parto, a parturiente debido á súa condición impura, non debía participar nas actividades cotiás durante corenta días; isto era factible para aquelas mulleres de estratos sociais altos, pero non o sería así para campesiñas que tiveran que reincorporarse o antes posible ao traballo polo ben da unidade económica familiar. Esta cerimonia era, para aquelas que podían permitir certa ostentación, un momento de xúbilo; supoñía a superación dun evento en moitos casos traumático ou polo que se tiña especial temor, e significaba estar a salvo das frecuentes infeccións tralo parto que levaban en moitas ocasións á morte³⁵.

3.1.1. A entrada no mundo e na cristiandade

Dende o propio momento do nacemento, empézase a conformar a imaxe que se tiña na infancia durante o período medieval. Un fenómeno de interese para poder entender a percepción da infancia nestes momentos tan incertos como eran os nacementos é a cuestión dos bautizos e a súa evolución ao longo da Idade Media. Hai que ter en conta que, para o cristianismo, morrer sen bautizar supoñía que a alma iría ao inferno; a esta idea non axudaba a elevada taxa de mortalidade durante o parto (Fossier aproxima entre o 25 e o 30%)³⁶ e nos primeiros anos de vida, polo que era necesario atopar solucións para evitar esta problemática.

Antes de pasar á análise do bautizo cristiá propiamente dito, cómpre mencionar que se realizaba, xusto despois do nacemento, un baño para limpar ao neonato da mucosidade e os líquidos cos que saía do útero materno. Non obstante, esta acción que parece estar ligada unicamente á hixiene e na que xa aparecía a presenza masculina do pai³⁷, foi vista por moitos autores como un verdadeiro ritual de paso; significando a entrada no mundo dos vivos e que sería continuador coa antigüidade grega e romana³⁸. Sexa ou non esta hipótese certa, a frecuencia e a tipoloxía das representacións deste baño

³⁵ *Ibid.*, pp. 91-93.

³⁶ Fossier, Robert, *Gente de la Edad Media*, pp. 53-54.

³⁷ *Ibid.*, p. 55.

³⁸ Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, pp. 95-96.

na iconografía (en moitos casos similares á que adoptan as imaxes de bautismos), denotan que si poido existir unha consideración deste calado para o momento do baño³⁹.

Con respecto ao bautismo relixioso, intúese que na Alta e Plena Idade Media non existiu excesiva preocupación por bautizar aos nenos en momentos próximos ao nacemento. O ritual común ata o século X sería o de somerxer todo o corpo en auga e, aínda que a partir deste momento xa aparecería a técnica da aspersion de auga sobre a cabeza do catecúmeno⁴⁰, a presenza de grandes pías de auga nos baptisterios dos séculos XI e XII reflexa que o ritual da inmersión seguía tendo importancia⁴¹. Ademais, estes ritos bautismais eran nun inicio colectivos, sendo realizados en datas sinaladas do ano como a véspera de Pascua ou Pentecostés, polo que os retrasos no bautizo eran comúns. A frecuencia dos neonatos mortos sen bautizar debeu preocupar ás autoridades e ideólogos relixiosos, facendo que no século XIII, Tomé de Aquino desenvolva na súa *Summa theologica* as diferentes posibilidades para administrar e recibir este rito.

Mirando por enriba estas consideracións do ideólogo, o máis importante para o que respecta ao fío condutor deste traballo é a idea de que calquera persoa (tamén laicos, mulleres e incluso persoas doutra fe), poderían administrar este sacramento en caso de que a vida dun neonato se atopase en perigo⁴². Deste xeito, búscase a salvación baixo calquera circunstancia, incluso cando a nai non era quen de sobrevivir ao parto e o neno falecía no seu interior, podendo realizarse a aspersion se asomaba a cabeza ou calquera membro do feto polo canal uterino da nai falecida⁴³. Outra cuestión nesta mesma liña é a das cesáreas que, durante a Idade Media, realizábanse case exclusivamente *post-mortem* (era moi difícil que unha parturiente sobrevivise a esta intervención con medios tan

³⁹ Arguméntase que os miniaturistas non terían representado esta escena con tanta frecuencia se non tivese algún tipo de consideración relixiosa. *Ibid.*, p. 96.

⁴⁰ Shahar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, pp. 46-47.

⁴¹ Ariès, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, p. 20.

⁴² Borobio, Dianisio, “Bautismo durante la Edad Media”, *Salmanticensis*, vol. 43, no. 1, 1996, pp. 25-26.

⁴³ Tamén se refire á obra de Tomé de Aquino, que defendía esta posibilidade de bautizo por parte da parteira dentro do seo da nai. Shahar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, pp. 49.

rudimentarios); o único obxectivo destas diseccións era o de poder extraer o feto para administrarlle o bautismo no seu único suspiro de vida⁴⁴.

Toda esta caracterización do bautismo, sen entrar en consideracións sociais e económicas que distinguiran os rituais dos diferentes grupos, permiten refutar o argumento de que a infancia tería unha mala consideración na Idade Media. O maior compromiso coa administración deste sacramento e as crecentes facilidades para facelo (especialmente a partir do século XIII), denotan a importancia por brindarlle o mellor paso á outra vida aos nenos e nenas que non conseguían sobrevivir ao parto ou aos momentos posteriores. Resulta isto outra representación da consideración que terían por estas criaturas, non só os seus proxenitores, senón tamén os ideólogos relixiosos e demais membros da sociedade. Demóstrase a vontade de que estes nenos desafortunados aos que nin sequera chegaban a coñecer, ascendesen ao ceo. Persoalmente, penso que isto non se fai unicamente por salvar a conciencia propia, senón que tamén inflúe o sentimento de pena e apego por unha criatura á que non se ía ver medrar.

3.2. A infancia dentro da familia medieval

O tema da familia medieval é tan amplo como confuso, neste caso só se pretende establecer unha panorámica xeral centrada no papel que terían os nenos e nenas na unidade doméstica, especialmente a partir do século XI. Márcase o ano 1000 non por capricho, senón porque a partir deste momento prodúcense cambios no sistema da herdanza que inciden directamente nas estruturas familiares; o crecemento demográfico e o conseguente aumento das unidades domésticas fixo que fose preciso establecer unha nova forma para conservar o patrimonio e evitar perdas na sucesión. Nas familias nobres, as liñaxes agnaticias e a herdanza do primoxénito masculino vólvese a tónica xeral a partir dos séculos XI e XII⁴⁵. Neste novo contexto, a posición das crianzas é moi contrastable

⁴⁴ Relacionado con estas cesáreas tamén había outra práctica chamada *rito do respiro* que consistiría en poñer un feto totalmente morto diante da imaxe dun santo ou da Virxe e tentar aproveitar calquera indicio de vida (seguramente espasmos *post-mortem*) para bautizar rapidamente á criatura. González Hernando, Irene, “Posicións fetales, aborto, cesárea e infanticidio: un acercamiento a la ginecología y puericultura hispánica a través de tres manuscritos medievales”, *Miscelánea medieval murciana*, vol. 33, 2009, pp. 114-116.

⁴⁵ Herlihy, David, *Medieval Households*, Harvard University Press, Cambridge (Massachusetts), 1985, pp. 79-82.

en función da súa posibilidade de acceder á herdanza; así o primoxénito manterá o patrimonio familiar e poderá ampliar a familia en torno a este, mentres que os “segundóns” ou as mulleres experimente unha saída da unidade mediante, por exemplo, o casamento e a formación doutra familia (fóra do patrimonio da casa da que proceden)⁴⁶.

Porén, á hora de falar da infancia con respecto á familia débese entender a diversidade por razón socioeconómicas, non sendo ningún modelo válido para todas as realidades do momento. Si é certo que, polo xeral, o común era o de moitos nacementos por nai; no caso dos campesiños para asegurar a forza de traballo e no da nobreza porque buscaban herdeiros⁴⁷. Ademais, esta multiplicidade de fillos e fillas dentro da unidade familiar leva a pensar que a socialización (coidado e atención dos pequenos) e o xogo entre irmáns era moi frecuente na Idade Media⁴⁸. Polo xeral pódese falar de familias amplas e, a pesar de que non resulta doado establecer cal sería a percepción cultural e emocional do neno dentro da vida doméstica, si que hai indicios que permiten falar dos coidados e da importancia que se lle daba por parte dos proxenitores, así como dos irmáns maiores.

Os primeiros coidados e a lactación tamén sinalan o interese dos proxenitores (especialmente o maternal) por que os seus fillos e fillas saísen adiante. Por exemplo Bartolomeo de Inglaterra arredor da metade do século XIII expresa que *“tanto más sufre la madre de dolor por el niño, tanto más lo ama cuando nace y lo alimenta más diligentemente”*⁴⁹. Entra aquí en xogo a que se entende como función preponderante da nai; a alimentación do seu fillo mediante a leite materna propia ou a dunha ama de cría no caso das familias con maiores recursos económicos⁵⁰. Con respecto a este período de lactación, pódense observar diferencias na crianza en función do xénero que levarían a un desequilibrio nas proporcións de homes e mulleres que acadaban a idade adulta. Por

⁴⁶ Wilkinson, Louise J., “Introduction”, pp. 16-17.

⁴⁷ Shuhar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 121.

⁴⁸ Isto ademais refuta a idea de Ariès de que os nenos eran simplemente internados no mundo dos adultos ao acadar certa idade; xa que seguramente dispuxeran de espazos para compartir cos seus iguais e dedicarlle moito tempo ao xogo. Piers Goldberg, Peter Jeremy, “Family Relationships”, en Wilkinson, Louise J. (ed.), *A cultural history of childhood and family in the Middle Ages*, Bloomsbury Academic, Londres, 2010, p. 30.

⁴⁹ Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, p. 295.

⁵⁰ Fossier, Robert, *Gente de la Edad Media*, pp. 55-58.

exemplo no *Tratado de los niños y regimiento del ama*, escrito por Bernardo de Gordonio a comezos do século XIV explícase o seguinte:

*Según Galeno, el infante debe mamar siete años y, según Avicena, tres años enteros y, si el fin de aquel año cayere cerca del estío, que mame más, por todo el estío. Y si, fuere hembra, conviene que mame dos años o el varón dos años y medio porque a la muger no le conviene ser rezia assí como al hombre, porque naturalmente no es sino natural guardadora o custodia de la casa, según dize Galeno en las complexiones*⁵¹.

Obsérvase claramente esta maior importancia brindada ao desenvolvemento e o crecemento san dun varón (que recibiría unha alimentación de leite materna máis estendida). Unha explicación posible a isto (máis que a propia lóxica misóxina que puidera prevalecer na sociedade medieval), é a razón económica, a de ter fillos como forza de traballo para a unidade familiar; un rapaz tería maior rédito económico polas condicións física do sexo masculino. Non obstante, cómpre ter en conta o propio carácter das fontes, fundamentalmente masculinas, e o menosprezo directo da riqueza familiar que podían aportar as fillas, seguramente maior do que se expresa (por exemplo a través do seu emparentamento con outras casas)⁵².

Deste xeito, o papel da familia medieval, a pesar de que sexa moi difícil entrar na mentalidade e nos sentimentos cara a infancia, sería o de brindarlle apoio físico pero tamén educativo e afectivo aos nenos durante a primeira etapa da vida. Fronte á visión de Philippe Ariès sobre unha suposta indiferenza dos proxenitores, as fontes permiten falar máis dunha verdadeira puericultura medieval e un interese por sacar adiante ás crianzas. Aínda que seguramente os nenos non foran o centro de toda a atención na vida doméstica⁵³, si que se consideraba importante o seu coidado, tanto pola parte da nai como

⁵¹ Cabrera Sánchez, Margarita, “Un texto pediátrico del siglo XIV: El *Tratado de los niños* de Bernardo de Gordonio”, *Meridies*, no. 9, 2011, p. 78.

⁵² Fossier, Robert, *Gente de la Edad Media*, p. 56.

⁵³ Pode incidir nisto a influencia que ten a visión sobre a familia nuclear cos fillos como centro (profundamente presentista), con respecto aos modelos medievais de carácter máis diverso e con unidades familiares amplas. Owen Hughes, Diane, “Domestic Ideals and Social Behavior: Evidence from Medieval Genoa”, en Neel, Carol (ed.), *Medieval families: perspectives on marriage, household, and children*, University of Toronto Press, Toronto, 2004, pp. 125-126.

do pai, tal e como sinala a seguinte frase de Bernardo de Angers (arredor do ano 1000): “*quorum curam supra omnia gerens in illis enutriendis non minimum laborem impendebat, quia in hoc quoque omnium naturalis intentio hominum quasi maximam suae beatitudinis partem consistere putat*”⁵⁴. Ilustrando como, a pesar de que a crianza dun fillo resulte laboriosa, sería un dos elementos que lle aportan maior felicidade ao home.

4. Abandono e infanticidio.

Antes de entrar en materia dos abandonos e infanticidios, cómpre dar unhas breves pinceladas sobre a decisión das mulleres con respecto a ter fillos. Entran aquí en xogo dúas prácticas como son a anticoncepción e o aborto que, aínda que autores como Ariès non observaron nas fontes (posiblemente cegado polo argumento dun modelo demográfico cunha natalidade e mortalidade infantil incontrolables), están presentes en numerosos exemplos. No caso dos métodos anticonceptivos, é frecuente atopar en textos a partir da segunda metade do século XI o consello: *Si non caste tamen caute*⁵⁵, moi descritivo de como podía ser a percepción social con respecto a estas prácticas. Hai que ter en conta que, en moitos contextos, non era unha preocupación unicamente feminina (onde o rastro do pecado luxurioso era dificilmente ocultable), senón que homes como os dedicados ao culto (monxes e sacerdotes), tamén se preocupaban de que os seus encontros pecaminosos non rematasen nun embarazo.

Citando un dos numerosos exemplos que inclúe María Jesús Fuente na súa obra, unha das moitas mulleres coas que se deitaba Pierre Clergue (sacerdote albixense de finais do século XIII e principios do XIV) declaraba no seu xuízo por herexía o seguinte:

¿Qué he de hacer si me quedo embarazada de ti? [declaró Beatriz haberle preguntado a Pierre Clergue]. Seré deshonrada y estaré perdida [...]. Me dijo que tenía una hierba y que, si un hombre la lleva cuando yace con una mujer, no puede engendrar ni ella concebir. [...] Después de esto, cuando él deseaba poseerme, llevaba algo enrollado y enhebrado en un saco de lino, del tamaño y longitud de

⁵⁴ Herlihy, David, *Medieval Households*, p. 113.

⁵⁵ Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, p. 69.

*una onza o de la primera falange de mi dedo meñique, con un hilo largo que pasaba alrededor de mi cuello...*⁵⁶

Refléxase claramente os métodos rudimentarios empregados e a idea de que existían certos freos para a natalidade (aínda que no modelo demográfico seguramente non tivesen un gran impacto). Tamén existían preparados que se aplicarían por vía oral ou vaxinal antes ou despois do coito e prácticas como o *coitus interruptus* que terían como finalidade evitar estes embarazos non desexados⁵⁷.

Por outro lado, unha maneira de aproximarse á cuestión do aborto é a través dos códigos legislativos xa que, polo xeral, se algo estaba castigado por lei, existen posibilidades elevadas de que fora unha práctica frecuente (ou polo menos presente) na sociedade. Tomarase un exemplo peninsular como é o das *Sete Partidas* de Alfonso X (mediados do século XIII) para ver que aporta sobre este fenómeno:

*Muger preñada que come, o beve yervas a sabiendas, o otra cosa qualquier con que echasse de si la criatura, o se firiessse con puños en el vientre, o con otra cosa con intencion de perder la criatura, e se perdiessse por ende: dezimos que si era ya biva en el vientre, entonces quando ella esto fiziere que deve morir por ello. Fueras ende si gelo fiziessen fazer por fuerça o, assi como fazen los judios a sus moras, ca estonce el que lo fizo fazer deve aver la pena. E si por aventura no duesse aun biva, estonce no le deven dar muerte por ello. Mas deve ser desterrada en alguna ysla por cinco años. Essa misma pena dezimos que deve aver el ome que fiere a su muger a sabiendas seyendo ella preñada de manera que se perdiessse lo que tenia en el vientre por la ferida. Mas si otro ome extraño lo fiziessse deve aver pena de amocida si era biva la criatura quando movio por culpa del, e si non era aun biva deve ser desterrado en alguna ysla por cinco años*⁵⁸.

Ademais das duras penas coas que se castigaban os abortos, esta lei fala doutra idea moi destacable con respecto á consideración dos fetos; os castigos son distintos en

⁵⁶ *Ibid.*, p. 68.

⁵⁷ Ortega Baún, Ana Estefanía, “Honor femenino, manipulación de la fama y sexualidad en la Castilla de entre 1200 y 1550”, *Clío y Crimen*, no. 13, 2016, pp. 92-93.

⁵⁸ Alfonso X El Sabio, *Las Siete Partidas*, Real Academia de la Historia (edición de 1807 da Imprenta Real), 2021, Séptima Partida, Título VIII, Ley VIII.

función de se a criatura estaba “viva” ou non cando se producía a interrupción do embarazo. Isto pode ter que ver coa adquisición da alma por parte do feto; deste xeito, Tomé de Aquino propoñía a idea de este evento se producía aos corenta días de embarazo, polo que as interrupcións anteriores a este momento serían lícitas dende o punto de vista cristiá⁵⁹.

4.1. Unha mirada ao abandono

Cando se atopan evidencias duns pais que abandonan ao seu fillo, resulta lóxico preguntarse cal poderían ser as motivacións de dito abandono. Para o caso medieval, as diferentes cuestións que se foron tratando neste traballo parecían inclinarnos cara unha consideración relativamente positiva da infancia neste momento, lonxe de evidenciar esa consideración tan negativa que percibiu a primeira historiografía que tratou este tema. Porén, se tratamos eventos como os abandonos ou infanticidios dun xeito simple, parecen argumentar a prol desta despreocupación e insensibilidade polas crianzas; a cuestión é valorar todas as cuestións en torno aos abandonos para ver que imaxe aportan sobre a consideración da infancia na Plena e Baixa Idade Media.

O primeiro punto a tratar é que, cuantitativamente, non resulta doado establecer o alcance destes abandonos de nenos. Ao tratarse de delitos, non deixaron grandes pegadas nas fontes; pero o problema vai máis aló, xa que as propias características da sociedade medieval e a forma de afrontar ditos abandonos poido facer que a súa consideración non fose tan negativa como se podía chegar a pensar. A idea da *expositio* non se debe entender tanto como a de deixar a un neno indefenso e desprotexido á súa sorte, senón máis ben como a de “ofrecelo” á *aliena misericordia*⁶⁰. É dicir, seguramente pola estrutura demográfica e as capacidades doutras familias e institucións para facerse cargo da crianza destes nenos, serían máis ben encomendados á “misericordia allea” (que os seus proxenitores sabían moi ben que existía).

⁵⁹ Corrales, Julio César, “Consideraciones sobre el aborto en la literatura hispánica bajomedieval”, *Miscelánea Medieval Murciana*, vol. 35, 2011, pp. 105-106.

⁶⁰ Boswell, John Eastburn, “*Expositio* and *Oblatio*: The Abandonment of Children and the Ancient and Medieval Family”, en Neel, Carol (ed.), *Medieval families: perspectives on marriage, household, and children*, University of Toronto Press, Toronto, 2004, pp. 236-237.

Legalmente, o abandono de nenos estaba penado, tomando man outra vez das *Sete Partidas* de Alfonso X, pódese indagar sobre a consideración que tiña social e politicamente este fenómeno; a cuarta lei do título vinte da cuarta *Partida* di que: “*De los niños que son echados a las puertas de las Iglesias, e de los otros lugares: de como los padres, e los señores que los echeraon, no los pueden demandar, después que fueren criados*”⁶¹. Obsérvase claramente unha visión pexorativa dos abandonos, unha práctica común que era a de deixalos preto de centros eclesiásticos para confiar na caridade dos mesmos (similar ao que se verá para o caso da oblación) e a imposibilidade de recuperar a custodia unha vez que foran xa criados.

Con respecto a isto último, ademais de denotar unha posible práctica común (de reclamar aos fillos cando estes xa acadaban certa idade), pode sinalar unha das causas que levaban aos pais a desfacerse do seu fillo e “expoñelo” á *alienas misericordia*. A imposibilidade económica de facer fronte a unha crianza que precisa, especialmente nas capas baixas da sociedade, que a nai teña que renunciar a parte da súa actividade produtiva (ou polo menos vela relativamente obstaculizada) durante o período de lactación e coidado inicial do neno. Outra das causas que podían levar a este abandono era para esconder embarazos que rompían o honor feminino e por conseguinte o da súa familia (fóra do matrimonio, embarazos froito de enganados, embarazos de relixiosas, etc.)⁶².

Con respecto a quen se facía cargo destes nenos abandonados, propónse presentar varios casos distintos; cómpre matizar sen embargo que non se inclúen os casos de adopción porque, en moitas ocasións, omitíase esta *expositio* sendo os nenos directamente vendidos ou cedidos a familias con mellor posición económica cando non se podían facer cargo deles⁶³. Para o caso daqueles que eran abandonados fisicamente, facíase normalmente en lugares nos que había garantía de que fosen vistos e coidados. Un caso moi exemplificativo disto é o de Toledo na Baixa Idade Media; parece ser que era común abandonar aos nenos dentro da propia catedral, nunha pedra en forma de berce situada en

⁶¹ Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, p. 260. Citando a lei IV do título X da cuarta partida de Alfonso X.

⁶² Ortega Baún, Ana Estefanía, “Honor femenino, manipulación de la fama y sexualidad en la Castilla de entre 1200 y 1550”, pp. 78-79.

⁶³ Shuhar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, p. 122.

fronte da capela de San Pedro, coñecéndose a estes nenos como “ninno de la piedra” e dos cales se facían cargo as institucións eclesiásticas tanto de forma directa como a través de hospitais⁶⁴.

Estes hospitais empezaron a proliferar pola xeografía e centráronse en coidar, entre outros desamparados, a nenos orfos e “expósitos”. Un caso peninsular é o do hospital de En Clapers (Valencia), no que se realizaba unha asistencialidade moi ben organizada para criar a estes desamparados, a través da financiación do período de lactación (que se realizaba na propia casa da ama de cría) e a posterior reinserción social. Deste xeito, unha vez dotados os nenos dos primeiros coidados, buscábaselle unha familia de acollida ata a maioría de idade para facilitar o paso á vida adulta con seguranzas⁶⁵. Así, este exemplo de asistencia infantil no século XIV, denota o grao de organización destas institucións e a súa labor á hora de paliar unha problemática que a crise demográfica desta centuria reflexou no abandono dos máis pequenos e que, como se verá, combinouse con outros factores que propiciaron o incremento desta *expositio* con respecto a outras formas de abandono menos traumáticas que se preferiron noutros períodos.

Debe terse en conta tamén o momento no que se escriben as *Siete Partidas* (mediados do século XIII), o cal entronca cun repunte dos abandonos neste período. Explícase isto por un momento de descenso da *oblatio*; método para “desfacerse” dun fillo menos traumático e con maior certeza de que ía saír adiante. Deste xeito, un aumento dos abandonos nesta cronoloxía poido levar á maior preocupación lexislativa por frealos ou regulalos; exemplifícase claramente na mención e regulación deste fenómeno en diferentes concilios de xeografía ben distintas, pero tamén a través do dereito canónico como por exemplo coas *Decretales* de Gregorio IX⁶⁶.

Polo xeral, aparece un panorama relativamente favorable para que, aqueles pais e nais que non se puideran facer cargo economicamente dos seus fillos, se decidisen por

⁶⁴ Lop Otín, María José, “De catedrales, escuelas y niños: el ejemplo del Toledo bajomedieval”, *Studia historica. Historia medieval*, vol. 32, no. 2, 2018, pp. 56-57.

⁶⁵ Rubio Vela, Agustín, “La asistencia hospitalaria infantil en la Valencia del siglo XIV: pobres huérfanos y expósitos”, *Dynamis*, no. 2, 1982, pp. 187-188.

⁶⁶ Dun xeito similar ao que aparece nas *Siete Partidas*, un pai que abandonaba ao seu neno con coñecemento de causa, perdía automaticamente a *patria potestas* sobre este. Boswell, John Eastburn, *La misericordia ajena*, p. 424-425.

esta *expositio* ante a seguranza de que algunha familia ou institución se ía facer cargo do seu coidado. Deste xeito, se tratamos de evitar cargas de conciencia do noso presente e da consideración actual dos nenos, a tipoloxía destes abandonos si que pode representar certa preocupación, a pesar de non omitirse o seu compoñente traumático para o *infans*, polo futuro daqueles fillos aos que os seus proxenitores non puideran brindarlle os coidados necesarios para saír adiante.

4.1.1. A *oblatio* como un abandono singular

Un claro exemplo de que a decisión dun futuro fóra da familia propia non era totalmente salvaxe e insensible, é a preferencia por procesos como a *oblatio* por parte daqueles proxenitores que non podían facerse cargo da crianza dos seus fillos. Esta práctica remóntase ata as primeiras formas de monacato cristiá e consiste basicamente na cesión dun *infans* (entre 0 e 7 anos) a un mosteiro que se faga cargo da súa crianza a cambio da cesión do propio neno ou nena, entendendo isto último como unha visión case patrimonial do propio individuo, que pasaría a dedicar a súa vida como monxe do mosteiro⁶⁷. Este proceso de desenvolvemento da *oblatio* ten lugar ao longo de toda a Alta Idade Media, pero o seu momento “cumio” sucédese entre os séculos XI e XII (no que se centrará esta análise).

Así, facendo unha panorámica do contexto demográfico e económico, o período entre o 1000 e o 1200 foi de expansión en todos os sentidos. Deste xeito, non lle faría falta ás familias campesiñas frear o aumento da súa proxenie (que ademais lle permitía ter maiores efectivos para traballar a terra e producir riquezas)⁶⁸. Porén, nas capas altas da sociedade tivo maior impacto a transición cara a liñaxe agnaticia xa vista cando se desenvolveu a familia medieval; facendo que aquelas unidades domésticas nobres tivesen fillos “sobrantes”, aos que lle resultaría difícil saír adiante por mor da concentración do patrimonio nun único herdeiro. Entre estas familias, a *oblatio* era a práctica preferida para

⁶⁷ Sobre esta cuestión reflexiona Mayke de Jong na conclusión da súa obra que trata este proceso de conformación da práctica da *oblatio*; propoñendo unha comparación coas prácticas de *regalia* e a posible interpretación do fenómeno neste sentido. Porén, o enfoque cronolóxico altomedieval desta obra impide numerosas referencias neste traballo a pesar da súa riqueza. De Jong, Mayke, *In Samuel's image: child oblation in the early medieval West*, Brill, Leiden, 1996, pp. 267-289.

⁶⁸ Boswell, John Eastburn, *La misericordia ajena*, p. 359.

evitar os problemas dos seus fillos “segundóns” que non recibirían ningún fragmento da herdanza familiar⁶⁹.

Fíxose anteriormente un comentario sobre o paso da oblación de ser unha práctica irrevogable nos seus inicios, para cada vez ir sendo máis permisiva con que os *oblati* puideran decidir sobre o abandono da orde ao acadar a idade adulta (a partir do século XII)⁷⁰. Porén, cómpre ter en conta que, os nenos que eran introducidos na regra monacal a idade moi temperás, non coñecían seguramente outra vida fora do claustro; polo que en ocasións, a pesar de que se perda a obrigatoriedade de permanecer aínda despois de ter acadado a “idade de conciencia”, moitos deles seguían na orde por non percibir outro estilo de vida máis atractivo⁷¹.

Aparecen outros trazos que poden achegarnos á consideración do neno dentro da propia vida monacal que, a pesar de non ser a súa familia biolóxica, si que trataban con certo paternalismo aos máis pequenos que vivían entre eles. Un caso paradigmático é o de San Anselmo (século XI), abade do mosteiro de Bec e posteriormente arzobispo de Canterbury, na súa biografía escrita por Eadmero inclúese o seguinte diálogo cunha chamada para un mellor tratamento dos óblatos do mosteiro:

Es exactamente lo mismo que hacéis con vuestros muchachos. Éstos han sido plantados por la oblación en el jardín de la iglesia para que crezcan y den frutos para Dios. Sin embargo, tanto los limitáis vos por doquier con intimidación, amenazas y golpes, que apenas si tienen una oportunidad de ejercer algún grado de libertad, y ellos habiendo sido a tal punto oprimidos, forman, abrigan y alimentan en su interior sentimientos perversos y distorsionados, como espinas... Si deseáis que vuestros muchachos se comporten decorosamente debéis suministrarles, junto con la restricción que imponen los golpes, el aliento y el sostén del amor y la ternura paternas⁷²

⁶⁹ Normalmente realizábase a oblación para manter en tres o número de herdeiros, cifra típica para unha transmisión satisfactoria do patrimonio. *Ibid.*, p. 393-394..

⁷⁰ Andrade Cernadas, José Miguel, “Las edades del hombre en los monasterios benedictinos y cistercienses: de la infancia a la vejez”, pp. 130-131.

⁷¹ Boswell, John Eastburn, *La misericordia ajena*, pp. 413-414.

⁷² *Ibid.*, pp. 404-405.

Dalgún xeito, recupérase neste fragmento os sentimentos paternais que foron presentados ao falar da familia. A infancia, lonxe de ser insignificante como defendeu Ariès, recibe un tratamento favorable e hai consciencia de que é necesaria unha educación e consideración propia da condición inocente desta idade para o desenvolvemento posterior do individuo.

Hai moitas máis cuestións que poderían ser tratadas sobre a *oblatio* sendo un fenómeno moi rico e amplo en relación á información que nos pode aportar sobre a consideración da infancia na Idade Media. Esta práctica foi unha forma de abandono con seguranza para os proxenitores, que confiaban á institución monástica non só o crecemento, senón a formación dos seus fillos. Ademais, dentro dos propios mosteiros existía certa mirada paternalista cara os nenos que vivían entre os monxes adultos, aínda que en ocasións apareza documentada algunha trasnada propia da súa idade que espertaría o enfado dos superiores⁷³.

4.2. A solución última do infanticidio

Expostas as formas previas de librarse dun fillo non desexado ou ao que non se podía criar por condicións económicas, o infanticidio é por razón obvia a causa última e á que non se debería recorrer se é posible facelo dalgunha das outras maneiras. Esta idea propón en si mesma unha vía interpretativa para entender o fenómeno; que levaría a matar un fillo se había tantas formas menos traumáticas de librarse del? As motivacións podían ser seguramente as mesmas, aínda que se tende máis a argumentar a prol dos embarazos fóra do matrimonio, de relixiosas ou froito de relacións incestuosas como motivacións destes asasinatos⁷⁴.

Hai que ter en conta que aparece como un delito asociado unicamente ao xénero feminino⁷⁵, polo que se poderían establecer condicionantes con respecto á imaxe das mulleres na sociedade e a unha forma misóxina de configurar un sentimento pexorativo;

⁷³ Como sería o caso do mosteiro de San Pedro de Rocas, que debeu ser restaurado por un incendio provocado por *negligentiam puerorum*. Andrade Cernadas, José Miguel, “Las edades del hombre en los monasterios benedictinos y cistercienses: de la infancia a la vejez”, p. 132.

⁷⁴ Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, p. 275.

⁷⁵ Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, p. 34.

o dunha nai que é quen de matar ao seu propio fillo ou filla. Exemplo disto pode ser a motivación de que se recollan estes eventos en fontes literarias máis que nas documentais. Na Cantiga 17 das *Cantigas de Santa María*, nállase como unha muller que mantivera relacións incestuosas co seu propio fillo, mata ao seu fillo-neto tirándoo por unha latrina nada máis nacer⁷⁶. Nállase pois un infanticidio motivado por un caso de incesto, entrado tamén a idea de cometer este acto xusto despois do nacemento, co posible agravante de que o neonato non estivese bautizado e as consecuencia disto no imaxinario cristiá.

Por outro lado, é común atopar na lexislación e en tratados médicos para o coidado dos nenos mencións a mortes “accidentais” por asfixia de bebés que eran acomodados a durmir no leito dos seus proxenitores, instigando a que non se durma desta maneira polo perigo da práctica. Porén, a frecuencia destas mencións nas fontes tamén poden levar a pensar nunha forma de ocultar infanticidios premeditados⁷⁷, tendo en conta ademais que parte da lexislación contemplaba reducións de penas cando se trataba destes casos de asfixia accidental⁷⁸. Tamén este penitencial de Burcardo de Worms contempla diferencias de motivación para estes infanticidios: “*la diferencia es grande entre la pobre que lo hace por la dificultad de poder alimentar a su hijo y la fornicadora que lo hace para esconder su crimen*”⁷⁹. Denotando como en segundo que casos, as motivacións do infanticidio podían xustificarse en certa medida.

Conclusiones

A través do repaso de diferentes cuestións relacionadas coa multiplicidade de infancias medievais pódese dicir que a consideración delas é variada en función dos fenómenos observados e relatados neste traballo. En primeiro lugar, evidenciouse que a visión impulsada por Philippe Ariès sobre unha falta de apego pola infancia, queda totalmente desbotada. Tomando os modelos das etapas da vida e as cuestións sobre o

⁷⁶ González Hernando, Irene, “Posiciones fetales, aborto, cesárea e infanticidio: un acercamiento a la ginecología y puericultura hispánica a través de tres manuscritos medievales”, p. 120.

⁷⁷ Ortega Baún, Ana Estefanía, “Honor femenino, manipulación de la fama y sexualidad en la Castilla de entre 1200 y 1550”, p. 95.

⁷⁸ Obsérvase como no penitencial de Burcardo de Worms este tipo de “infanticidio” págase con xaxún e abstinencia sexual, mentres que outras formas reciben penas máis elevadas. Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, p. 279.

⁷⁹ Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, p. 34.

entorno do neno, propuxéronse unha serie de ideas que describen o momento inicial da vida como un período en si mesmo, cunha caracterización moi rica en matices e sen falta de apego sentimental dende as relacións familiares máis próximas.

Por outro lado, co tratamento central de dous fenómenos aparentemente relacionados cunha concepción negativa da infancia como son o abandono e o infanticidio, tentouse aportar unha visión libre de condicionamentos sentimentais contaminados pola visión que teñen os máis pequenos no presente. Buscáronse así as motivacións dos proxenitores para librarse dos seus fillos, dando conta, pola presenza das diferentes prácticas mencionadas, que existiu unha escaleira descendente de actuación cando non se podía facer fronte ao coidado dun fillo. Así, recorreríase primeiro aos métodos anticonceptivos e ao aborto para pasar despois a prácticas máis traumáticas (non só para o neno senón seguramente tamén para a nai), como o abandono e o infanticidio. Penso que existiron neste sentido, certos condicionamentos presentistas na tese defendida por Ariès, que na súa descrición da transición cara a idea moderna da infancia, criticou desmedidamente as condicións dunha sociedade con percepcións da vida moi distintas como é a medieval.

Neste senso, a visión cristiá tivo moito que ver coa consideración da infancia na Idade Media. Tomando o exemplo de ideólogos, de ritos como o bautizo ou da practica da *oblatio* nos mosteiros, pódese ver como o ámbito relixioso condicionou a imaxe social dos máis pequenos. A estes condicionantes relixiosos sumóuselle a propia condición legal de certas prácticas, así como a dos cambios na estrutura familiar que incidirían en fenómenos como o abandono. Tamén as tendencias demográficas e económicas cambiantes, co gran período de expansión nas centurias centrais da Idade Media, podendo levar a unha consideración máis positivas dos nacementos (como fonte de riqueza en si mesmos); ou pola contra o período de retroceso a partir do século XIII que levaría ao repunte de prácticas como o abandono.

Finalmente, a propia diversidade exemplificada ao longo de todo o traballo fai que sexa máis oportuno falar de “infancias” en plural. Infancias non só pola tendencia cambiante que a longa temporalidade medieval tería, senón pola coexistencia de realidades socioeconómicas nun mesmo lugar e momento; non se concibe igual a infancia

dun labrego (que debe incorporarse coa maior precocidade posible á actividade produtiva da súa unidade familia), que a dun nobre primoxénito que vai herdar o gran patrimonio da súa familia. Dentro desta pluralidade coa que se pode definir a infancia na Plena e Baixa Idade Media, préstase a presenza dunha concepción positiva; tanto a nivel social, como a nivel familiar e incluso relixioso.

Valóranse entón fenómenos como o abandono e infanticidio como prácticas extremas, que se realizaba cando fallaban todos os demais métodos de “freo” da natalidade e que respondían a unha realidade máis complexa do que aparentemente semella. Así, a mala posición económica ou o risco de caer na deshonra levaban a estas accións que, analizadas dende outros prismas, non teñen por que falarnos dunha concepción da infancia tan negativa como inicialmente se podería propoñer. As redes asistenciais tamén poderían aportar seguridade sobre o futuro dun neno que era “exposto” polos seus proxenitores, facendo que a consideración destas prácticas non fora tan negativa e se primaran métodos como a *oblatio* (con conciencia plena de que unha comunidade monacal se faría cargo). Porén no caso dos infanticidios, si que aparece unha visión máis deshumanizada da infancia, impulsados por situacións económicas e sociais límite para a nai que a conducirían a tomar decisións tan traumáticas.

Bibliografía

- Alfonso X, *Las Siete Partidas*, Real Academia de la Historia (edición de 1807 da Imprenta Real), 2021.
- Andrade Cernadas, José Miguel, “Las edades del hombre en los monasterios benedictinos y cistercienses: de la infancia a la vejez”, en García de Cortázar, José Ángel e Teja, Ramón (coords.), *El ritmo cotidiano de la vida en el monasterio medieval*, Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico, Aguilar del Campoo, 2015, pp. 111-141.
- Ariés, Philippe, *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*, Taurus, Madrid, 1987.
- Bidon, Danièle-Alexandre e Closson, Monique, *La infancia a la sombra de las catedrales*, Prensas Universitarias de Zaragoza, Zaragoza, 2008.
- Borobio, Dianisio, “Bautismo durante la Edad Media”, *Salmanticensis*, vol. 43, no. 1, 1996, pp. 15-42.
- Boswell, John Eastburn, “*Expositio* and *Oblatio*: The Abandonment of Children and the Ancient and Medieval Family”, en Neel, Carol (ed.), *Medieval families: perspectives on marriage, household, and children*, University of Toronto Press, Toronto, 2004, pp. 234-272.
- Boswell, John Eastburn, *La misericordia ajena*, Muchnik, Barcelona, 1999.
- Cabrera Sánchez, Margarita, “Un texto pediátrico del siglo XIV: El *Tratado de los niños* de Bernardo de Gordonio”, *Meridies*, no. 9, 2011, pp. 69-86.
- Corrales, Julio César, “Consideraciones sobre el aborto en la literatura hispánica bajomedieval”, *Miscelánea Medieval Murciana*, vol. 35, 2011, pp. 101-109.
- De Jong, Mayke, *In Samuel's image: child oblation in the early medieval West*, Brill, Leiden, 1996.
- Fossier, Robert, *Gente de la Edad Media*, Debolsillo, Barcelona, 2023.

- Fuente, María Jesús, *La luz de mis ojos. Ser madre en la Edad Media*, Taurus, Barcelona, 2023.
- García Herrero, María del Carmen, *Del nacer y el vivir. Fragmentos para una historia de la vida en la baja Edad Media*, Institución Fernando el Católico, Zaragoza, 2005.
- González Hernando, Irene, “Posiciones fetales, aborto, cesárea e infanticidio: un acercamiento a la ginecología y puericultura hispánica a través de tres manuscritos medievales”, *Miscelánea Medieval Murciana*, vol. 33, 2009, pp. 99-122.
- Herlihy, David, *Medieval Households*, Harvard University Press, Cambridge (Massachusetts), 1985.
- Isidoro de Sevilla, *Etimologías*, Oroz Reta, José e Marcos Casquero, Manuel Antonio (edición bilingüe), Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid, 2004.
- Lop Otín, María José, “De catedrales, escuelas y niños: el ejemplo del Toledo bajomedieval”, *Studia historica. Historia medieval*, vol. 32, no. 2, 2018, pp. 39-60.
- Ortega Baún, Ana Estefanía, “Honor femenino, manipulación de la fama y sexualidad en la Castilla de entre 1200 y 1550”, *Clío y Crimen*, no. 13, 2016, pp. 75-98.
- Owen Hughes, Diane, “Domestic Ideals and Social Behavior: Evidence from Medieval Genoa”, en Neel, Carol (ed.), *Medieval families: perspectives on marriage, household, and children*, University of Toronto Press, Toronto, 2004, pp. 125-156.
- Rubio Vela, Agustín, “La asistencia hospitalaria infantil en la Valencia del siglo XIV: pobres, huérfanos y expósitos”, *Dynamis: Acta hispanica ad medicinae scientiarumque historiam illustrandam*, no. 2, 1982, pp. 159-191.
- Sears, Elizabeth, *The ages of man: medieval interpretations of the life cycle*, Princeton University Press, Princeton, 1986.
- Shahar, Shulamith, *Childhood in the Middle Ages*, Routledge, Londres, 1990.

Piers Goldberg, Peter Jeremy, "Family Relationships", en Wilkinson, Louise J. (ed.), *A cultural history of childhood and family in the Middle Ages*, Bloomsbury Academic, Londres, 2010, pp. 22-39.

Wilkinson, Louise J., "Introduction", en Wilkinson, Louise J. (ed.), *A cultural history of childhood and family in the Middle Ages*, Bloomsbury Academic, Londres, 2010, pp. 1-19.